





DE PONDAL A NOVONEYRA



O libro que publica hoxe Edicións Xerais de Galicia, *De Pondal a Novoneyra* ven constituir a meirande contribución á historia da lírica galega contemporánea, amais de que algúns dos estudos contidos nel deixan de seren simplemente capítulos dun magnífico manual para se convertiren en auténticos estudos monográficos sobre das figuras senlleiras da nosa recente historia literaria.



edicións xerais de galicia

X.L. Méndez Ferrín

*De Pondal a
Novoneyra*

*Poesía galega posterior
á guerra civil*

© Xosé Luis Méndez Ferrín
© Edicións Xerais de Galicia, S. A.
Dr. Marañón, 10 - Vigo
ISBN: 84-7507-139-2
Depósito Legal: M. 23.555 - 1984
Printed in Spain
Fotocomposición e montaxe: Linotipias Marín - Vigo
Imprime: Josmar, S. A.
Artesanía, 17
Polígono Industrial de Coslada (Madrid)



edicións xerais de galicia.

- CRIBEIRO, JOSÉ ALEJANDRO- *Crítica en Brais Pinto*, en "La Región", Ourense, 24-II-1959.
- FERNÁNDEZ FERREIRO, JOSÉ- *La niebla tenía dos nombres: Ulcis y BERNARDINO GRAÑA*, en LN, 28-II-1959.
- FERNÁNDEZ POUSA, RAMÓN- *BERNARDINO GRAÑA*, en "La Región", Ourense, 6-III-1959.
- LÓPEZ-CASANOVA, ARCADIO- "*Profecía do mar*", *BERNARDINO GRAÑA*, en "El Progreso", Lugo, 28-I-1968.
- LOSADA, BASILIO- *La poesía gallega de posguerra*, en "Claraboya", León, 1967.
- LOURENZO VÁZQUEZ, RAMÓN- *BERNARDINO e o "Poema do home que quiso vivir"*, en LN, 4-IV-1959.
- L(UGRÍS), R(AMÓN)- *Na Galiza*, en *Dicionario de Literatura Livraria Figueirinhas (S.V. Contemporâneos)*.
- MÉNDEZ FERRÍN, X.L.-Prólogo a *Poema do home que quixo vivir*, Brais Pinto, Madrid, 1958.
- —e BASILIO LOSADA - *Literatura en lingua gallega*, en "Cuadernos para el Diálogo", núm. extraordinario, Madrid, maio, 1969.
- PGC
- RISCO, VICENTE - "*Poemas (sic) do home que quixo vivir*", en "La Región", Ourense, 12-III-1959.
- SIGÜENZA, JULIO - "*Poema do home que quixo vivir*" de *BERNARDINO GRAÑA*, en FV, 11-III-1959.

3.8. MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ

Nota biográfica

Naceu en San Miguel de Paradela-Sarria no ano 1934. Desde os seis anos reside en Barcelona. Estudou no Seminario e cursou diversos estudos mercantís. É empregado dunha fábrica sidero metalúrxica, en oficinas. Leva unha vida moi activa na colectividade de emigrados galegos en Barcelona.

Editou libros en prosa galega e colaborou na prensa galega da emigración e, na actualidade, forma parte do equipo redactor de "Troboada", revista do Centro Galego de Barcelona. Ten recibido diversos premios literarios.

Libros poéticos en galego:

- Poemas populares galegos*, Celta, Lugo, 1968.
- Saudade no bulleiro*, Celta, Lugo, 1970.
- Soldada mínima*, Edicións do Castro, Sada, 1979.

Nota crítica

A poesía de MANUEL RODRIGUEZ LÓPEZ caracterízase por un certo primitivismo na construción do poema, no ritmo, na rima e na medida, o que empexa que, ás veces, sexa capaz de conseguir sonetos de factura aceitábel. Os grandes temas deste autor son dous: a evocación do pasado, da infancia e da aldea (tema común con CELSO EMILIO FERREIRO, DÍAZ CASTRO e outros poetas menores), e a diatriba contra a cidade, o capitalismo e a explotación do proletario. Poesía, pois, obreiro-campesina fundamentalmente sentida, interésanos máis polo que ten do primeiro cá do segundo elemento. En efecto, os escritores social-realistas galegos —entre os que mantén un lugar importante este autor— en xeral non se teñen ocupado demasiado da vida e temas proletarios. Orabén, a partir do *Monólogo do vello traballador*, de CELSO EMILIO FERREIRO, ábrese un camiño tópico, aínda que pouco frecuentado, no que a clase obreira é suxeito da composición. Xunto con escritores máis xovens —entre os que destaca DARÍO XOHÁN CABANA, de firmísima, severa e impecábel lírica e idioma—, MANUEL RODRIGUEZ LÓPEZ é un dos poetas galegos modernos do suburbio e da fábrica, en este sentido innovadores. O sarcasmo, a agresión satírica, non é meramente ideolóxica ou doutrinaria: a silicose, a vellez e ruína do traballador, o obreiro servil e entregue ó patrón, os mariñeiros afogados; en suma, homes e situacións concretas protagonizan o verso de este autor, que en ningún intre permite que estea ausente o enemigo de clase.

Bibliografía

- BAYO, ELISEO—*Trabajos duros de la mujer*, Plaza y Janés, Barcelona, 1968.
- —*El poeta, El economista*, en “Destino”, Barcelona, 28-XII-1968.
- BLANCO CASTRO, MANUEL—*Un poeta obreiro*, en “El Progreso”, Lugo, 30-XII-1979.
- —*Cultura galega en Catalunya*, en “El Progreso”, Lugo, 6-VII-1980.
- F(ERNÁNDEZ) F(ERREIRO) J.—“*Poemas populares galegos*”, en “Chan”, Madrid, 7-IX-1968.
- DE LA FUENTE, MANUEL—*Galegos en Catalunya, 1978-1982*, en FV, 20-IV-1983.
- —“*Reencontro coa aldea*”, en FV, 14-V-1983.
- GARCÍA, XOSÉ LOIS—*Poesía en la fábrica*, en “Diario de Barcelona”, Barcelona, 2-VI-1981.
- GIL HERNÁNDEZ, A.—“*Soldada mínima*”, en EIG, 27-I-1980.
- GIZ, J.—“*Soldada mínima*”. *Poemas sobre temas obreros*, en EIG, 14-XI-1979.

- LÓPEZ CASTRO-Don MANUEL RODRIGUEZ LÓPEZ, en "El Progreso", Lugo, 3-VIII-1973.
- — *Doblemente premiado*, en "El Progreso", Lugo, 27-VIII-1977.
- LOSADA, A.— *A maior abundancia de publicacións en galego perdeu calidade*, en "El Progreso", Lugo, 12-VIII-1978.
- LOSADA, BASILIO— *Cultura galega en Barcelona*, en "La Región", extraordinario, maio 1979.
- — *Limiar a Soldada mínima*, ob. cit.
- M(ERINO), E(EMILIO).— *Poemario de hondo componente social*, en HC, 10-XII-1979.
- M(OLINARI), V(ÍCTOR) L(UIS).— "*Saudade no bulleiro*", en "El Correo Gallego", Buenos Aires, 15-II-1971.
- — "*Soldada mínima*", en "Galicia", Buenos Aires, núm. 622, 1980.
- PIÑEIRO, RAMÓN— "*Saudade no Bulleiro*", en G, núm. 31.
- SOTELO BLANCO, OLEGARIO— *88 gallegos. Una tierra a través de sus gentes*, Barcelona, 1983.
- TRAPERO PARDO, J.— "*Soldada mínima*", poemas de RODRÍGUEZ LÓPEZ, en "El Progreso", Lugo, 15-I-1980.
- VILASECA, RAFAEL— *MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, escritor gallego*, en LVG, 23-VIII-1976.
- — *Un poeta gallego en Barcelona*, en LVG, 4-IX-1971.

3.9. AVILÉS DE TARAMANCOS

Nota biográfica

De nome civil ANTÓN AVILÉS VINAGRE, naceu en Taramancos-Porto do Son, o ano 1935, no seu dunha familia labrega e mariñeira. Trasládouse moi novo á Coruña, cidade na que fixo o seu servizo militar como mariñeiro.

Na Coruña frecuentou o trato dun significativo grupo de mozos intelectuais de esquerda (os escritores XOHÁN CASAL e XOSÉ ALEXANDRE CRIBEIRO, o plástico REIMUNDO PATIÑO) cos que comparteu unha mesma paixón: a plena recuperación do idioma e as arelas de autodeterminación para a nación galega. Conectou, asemade, con artistas e escritores de xeracións denanteriores, tais como o grande pintor URBANO LUGRÍS. Diu recitais e colaborou en publicacións periódicas, sempre en galego.

Recibiu o premio "Brais Pinto" de poesía galega. Tras da súa residencia coruñesa, emigrou a América no ano 1960. Colaborou en "Atlántida" e "Aturuxo".

Segundo GARCÍA-BODANO, AVILÉS DE TARAMANCOS percorreu os países andinos exercendo os máis novelescos